281. 282. 283.	287. B1.1. Método científico: etapas. 288. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.	293. B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación en que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.	294. FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.	295. Sabe realizar tarefas sinxelas empregando as TIC.	TR PL	CAA CCL CD



Física e Química. 3º de ESO

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
284. 285. 286.	xias da información e da comunicación. 289. B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. Notación científica. 290. B1.5. Erros. 291. B1.6. Traballo no laboratorio. 292. B1.8. Proxecto de investigación.		296. FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.	297. Traballar en equipo con actitude positiva.	TR PL	CMCCT CSIEE CSIEE CSC
<b>Bloque 2. A materia</b>						
298.	299. B2.1. Estrutura atómica. Modelos atómicos.	300. B2.1. Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos de diferentes teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e a comprensión da estrutura interna da materia.	301. FQB2.1.1. Representa o átomo, a partir do número atómico e o número máscico, utilizando o modelo planetario.	302. Representa o átomo empregando o modelo de Bohr.	PE AA OD CC	CCEC CMCCT
			303. FQB2.1.2. Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo.	304. Coñece as características de electróns, protóns e neutróns.	PE AA OD CC	CMCCT
			305. FQB2.1.3. Relaciona a notación ${}^A_Z X$ co número atómico e o número máscico, determinando o número de cada tipo de partículas subatómicas básicas.	306. Calcula o nº de partículas a partir da notación ${}^A_Z X$	PE AA OD CC	CMCCT
307. 308.	309. B2.2. Isótopos. 310. B2.3. Aplicacións dos isótopos.	311. B2.2. Analizar a utilidade científica e tecnolóxica dos isótopos radioactivos.	312. FQB2.2.1. Explica en que consiste un isótopo e comenta aplicacións dos isótopos radioactivos, a problemática dos residuos orixinados e as solucións para a súa xestión.	313. Sabe explicar que é un isótopo e coñece algunha aplicación.	PE AA OD CC	CMCCT CSC
314. 315.	316. B2.4. Sistema periódico dos elementos.	317. B2.3. Interpretar a ordenación dos elementos na táboa periódica e recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos.	318. FQB2.3.1. Xustifica a actual ordenación dos elementos en grupos e períodos na táboa periódica.	319. Coñece o criterio de ordenación dos elementos no SP actual.	PE AA OD CC	CMCCT
			320. FQB2.3.2. Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, tomando como referencia o gas nobre máis próximo.	321. Relaciona as propiedades dos elementos coa súa posición no SP.	PE AA OD CC	CMCCT
322.	323. B2.5. Unións entre átomos: moléculas e cristais. 324. B2.6. Masas atómicas e mo-	325. B2.4. Describir como se unen os átomos para formar estruturas máis complexas e explicar as propiedades das agrupacións resultantes.	326. FQB2.4.1. Explica o proceso de formación dun ión a partir do átomo correspondente, utilizando a notación adecuada para a súa representación.	327. Coñece o proceso de formación dos ións.	PE AA OD	CMCCT

Física e Química. 3º de ESO						
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
	leculares.				CC	
			328. FQB2.4.2. Explica como algúns átomos tenden a agruparse para formar moléculas interpretando este feito en substancias de uso frecuente, e calcula as súas masas moleculares.	329. Sabe explicar a formación de moléculas simples.	PE AA OD CC	CMCCT
330. 331. 332. 333.	B2.7. Elementos e compostos de especial interese con aplicacións industriais, tecnolóxicas e biomédicas.	335. B2.5. Diferenciar entre átomos e moléculas, e entre elementos e compostos en substancias de uso frecuente e coñecido.	336. FQB2.5.1. Recoñece os átomos e as moléculas que compoñen substancias de uso frecuente, e clasifícaaas en elementos ou compostos, baseándose na súa fórmula química.	337. Sabe diferenciar elementos de compostos químicos.	PE AA OD CC	CMCCT
			338. FQB2.5.2. Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento ou composto químico de especial interese a partir dunha procura guiada de información bibliográfica e dixital.	339. Sabe buscar información sobre as propiedades de elementos e compostos químicos.	AA TR	CAA CCL CD CMCCT CSIEE
340.	341. B2.8. Formulación e nomenclatura de compostos binarios seguindo as normas IUPAC.	342. B2.6. Formular e nomear compostos binarios seguindo as normas IUPAC.	343. FQB2.6.1. Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos binarios seguindo as normas IUPAC.	344. Sabe formular e nomear compostos binarios.	PE AA OD CC	CCL CMCCT
<b>Bloque 3. Os cambios</b>						
345.	346. B3.1. Reacción química.	347. B3.1. Describir a nivel molecular o proceso polo que os reactivos se transforman en produtos, en termos da teoría de colisións.	348. FQB3.1.1. Representa e interpreta unha reacción química a partir da teoría atómico-molecular e a teoría de colisións.	349. Interpreta unha reacción química empregando a teoría de colisións.	PE AA OD CC	CMCCT
350. 351.	352. B3.2. Cálculos estequiométricos sinxelos. 353. B3.3. Lei de conservación da masa.	354. B3.2. Deducir a lei de conservación da masa e recoñecer reactivos e produtos a través de experiencias sinxelas no laboratorio ou de simulacións dixitais.	355. FQB3.2.1. Recoñece os reactivos e os produtos a partir da representación de reaccións químicas sinxelas, e comproba experimentalmente que se cumpre a lei de conservación da masa.	356. Sabe representar unha RQ.	PE AA OD CC	CMCCT
			357. FQB3.2.2. Realiza os cálculos estequiométricos necesarios para a verificación da lei de conservación da masa en reaccións químicas sinxelas.	358. Sabe comprobar a lei de conservación da masa.	PE AA OD CC	CMCCT
359.	360. B3.4. Velocidade de reacción.	361. B3.3. Comprobar mediante experiencias sinxelas de laboratorio a influencia de determinados factores na velocidade das reaccións químicas.	362. FQB3.3.1. Propón o desenvolvemento dun experimento sinxelo que permita comprobar o efecto da concentración dos reactivos na velocidade de formación dos produtos dunha reacción química, e xustifica	363. Coñece a influencia da concentración dos reactivos na velocidade dunha RQ.	PE AA OD	CMCCT

Física e Química. 3º de ESO						
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
			este efecto en termos da teoría de colisións.		CC	
			364. FQB3.3.2. Interpreta situacións cotiás en que a temperatura inflúe significativamente na velocidade da reacción.	365. Coñece a influencia da temperatura na velocidade dunha RQ.	PE AA OD CC	CMCCT
366. 367. 368. 369.	370. B3.5. A química na sociedade e o ambiente.	371. B3.4. Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente.	372. FQB3.4.1. Describe o impacto ambiental do dióxido de carbono, os óxidos de xofre, os óxidos de nitróxeno e os CFC e outros gases de efecto invernadoiro, en relación cos problemas ambientais de ámbito global.	373. Coñece as causas do efecto invernadoiro e as súas consecuencias.	AA OD CC	CMCCT CSC
			374. FQB3.4.2. Defende razoadamente a influencia que o desenvolvemento da industria química tivo no progreso da sociedade, a partir de fontes científicas de distinta procedencia.	375. Recoñece a influencia da industria química no progreso da sociedade.	AA OD CC	CMCCT CSC
<b>Bloque 4. O movemento e as forzas</b>						
376.	377. B4.1. Carga eléctrica. 378. B4.2. Forza eléctrica.	379. B4.1. Coñecer os tipos de cargas eléctricas, o seu papel na constitución da materia e as características das forzas que se manifestan entre elas.	380. FQB4.1.1. Explica a relación entre as cargas eléctricas e a constitución da materia, e asocia a carga eléctrica dos corpos cun exceso ou defecto de electróns.	381. Relaciona a aparición de cargas eléctricas co intercambio de electróns.	PE AA OD CC	CMCCT
			382. FQB4.1.2. Relaciona cualitativamente a forza eléctrica que existe entre dous corpos coa súa carga e a distancia que os separa, e establece analogías e diferenzas entre as forzas gravitatoria e eléctrica.	383. Realiza cálculos empregando a lei de Coulomb.	PE AA OD CC	CCEC CMCCT
384.	385. B4.1. Carga eléctrica.	386. B4.2. Interpretar fenómenos eléctricos mediante o modelo de carga eléctrica e valorar a importancia da electricidade na vida cotiá.	387. FQB4.2.1. Xustifica razoadamente situacións cotiás nas que se poñan de manifesto fenómenos relacionados coa electricidade estática.	388. Recoñece fenómenos onde se observa a presenza de electricidade estática.	AA OD CC	CMCCT
389. 390. 391.	392. B4.3. Imáns. Forza magnética.	393. B4.3. Xustificar cualitativamente fenómenos magnéticos e valorar a contribución do magnetismo no desenvolvemento tecnolóxico.	394. FQB4.3.1. Recoñece fenómenos magnéticos identificando o imán como fonte natural do magnetismo, e describe a súa acción sobre distintos tipos de substancias magnéticas.	395. Recoñece o imán como fonte de magnetismo.	AA OD CC	CMCCT
			396. FQB4.3.2. Constrúe un compás elemental para localizar o norte empregando o campo magnético terrestre, e describe o procedemento seguido para facelo.	397. Coñece o fundamento dun compás.	AA OD CC	CMCCT CSIEE
398.	399. B4.4. Electroimán. 400. B4.5. Experimentos de Oers-	401. B4.4. Comparar os tipos de imáns, analizar o seu comportamento e deducir mediante experien-	402. FQB4.4.1. Comproba e establece a relación entre o paso de corrente eléctrica e o magnetismo, construíndo un electroimán.	403. Coñece que é un electroimán.	AA OD	CMCCT

Física e Química. 3º de ESO						
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
	ted e Faraday.	cias as características das forzas magnéticas postas de manifesto, así como a súa relación coa corrente eléctrica.	404. FQB4.4.2. Reproduce os experimentos de Oersted e de Faraday no laboratorio ou mediante simuladores virtuais, deducindo que a electricidade e o magnetismo son dúas manifestacións dun mesmo fenómeno.	405. Coñece a relación entre electricidade e magnetismo.	CC	CD CMCCT
406. 407. 408. 409. 410.	411. B4.6. Forzas da natureza.	412. B4.5. Recoñecer as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas.	413. FQB4.5.1. Realiza un informe, empregando as TIC, a partir de observacións ou busca guiada de información que relacione as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas.	414. Sabe buscar información sobre as forzas.	AA TR	CCL CD CMCCT CSIEE
<b>Bloque 5. Enerxía</b>						
415. 416. 417. 418. 419.	420. B5.1. Fontes de enerxía.	421. B5.1. Identificar e comparar as fontes de enerxía empregadas na vida diaria nun contexto global que implique aspectos económicos e ambientais.	422. FQB5.1.1. Compara as principais fontes de enerxía de consumo humano a partir da distribución xeográfica dos seus recursos e os efectos ambientais.	423. Coñece as principais fontes de enerxía.	AA OD CC	CMCCT CSC
			424. FQB5.1.2. Analiza o predominio das fontes de enerxía convencionais fronte ás alternativas, e argumenta os motivos polos que estas últimas aínda non están suficientemente explotadas.	425. Coñece o papel das fontes de enerxía alternativas.	AA OD CC	CCL CMCCT
426. 427.	428. B5.2. Uso racional da enerxía.	429. B5.2. Valorar a importancia de realizar un consumo responsable das fontes enerxéticas.	430. FQB5.2.1. Interpreta datos comparativos sobre a evolución do consumo de enerxía mundial, e propón medidas que poidan contribuír ao aforro individual e colectivo.	431. Coñece a evolución do consumo de enerxía a nivel mundial.	AA OD CC	CMCCT CSIEE
432. 433.	434. B5.3. Electricidade e circuitos eléctricos. Lei de Ohm.	435. B5.3. Explicar o fenómeno físico da corrente eléctrica e interpretar o significado das magnitudes de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, así como as relacións entre elas.	436. FQB5.3.1. Explica a corrente eléctrica como cargas en movemento a través dun condutor.	437. Coñece o fundamento da corrente eléctrica.	AA OD CC	CMCCT
			438. FQB5.3.2. Comprende o significado das magnitudes eléctricas de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, e relacións entre si empregando a lei de Ohm.	439. Coñece o significado da intensidade, voltaxe e resistencia eléctrica.	PE AA OD CC	CMCCT
			440. FQB5.3.3. Distingue entre condutores e illantes, e recoñece os principais materiais usados como tales.	441. Distingue entre condutores e illantes.	PE AA OD CC	CMCCT

Física e Química. 3º de ESO

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
442. 443. 444. 445.	446. B5.4. Transformacións da enerxía. 447. B5.3. Electricidade e circuitos eléctricos. Lei de Ohm.	448. B5.4. Comprobar os efectos da electricidade e as relacións entre as magnitudes eléctricas mediante o deseño e a construción de circuitos eléctricos e electrónicos sinxelos, no laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas.	449. FQB5.4.1. Describe o fundamento dunha máquina eléctrica na que a electricidade se transforma en movemento, luz, son, calor, etc., mediante exemplos da vida cotiá, e identifica os seus elementos principais. 451. FQB5.4.2. Constrúe circuitos eléctricos con diferentes tipos de conexións entre os seus elementos, deducindo de forma experimental as consecuencias da conexión de xeradores e receptores en serie ou en paralelo. 453. FQB5.4.3. Aplica a lei de Ohm a circuitos sinxelos para calcular unha das magnitudes involucradas a partir das outras dúas, e expresa o resultado en unidades do Sistema Internacional. 455. FQB5.4.4. Utiliza aplicacións virtuais interactivas para simular circuitos e medir as magnitudes eléctricas.	450. Entende a transformación entre diferentes tipos de enerxías. 452. Representa circuitos simples con diferentes conexións. 454. Realiza cálculos simples empregando a lei de Ohm. 456. Emprega simulacións de magnitudes eléctricas.	AA OD CC PE AA OD CC PE AA OD CC AA PL	CMCCT CAA CMCCT CMCCT CD CMCCT
457.	458. B5.3. Electricidade e circuitos eléctricos. Lei de Ohm. 459. B5.5. Dispositivos electrónicos de uso frecuente.	460. B5.5. Valorar a importancia dos circuitos eléctricos e electrónicos nas instalacións eléctricas e instrumentos de uso cotián, describir a súa función básica e identificar os seus compoñentes.	461. FQB5.5.1. Asocia os elementos principais que forman a instalación eléctrica típica dunha vivenda cos compoñentes básicos dun circuito eléctrico. 463. FQB5.5.2. Comprende o significado dos símbolos e das abreviaturas que aparecen nas etiquetas de dispositivos eléctricos. 465. FQB5.5.3. Identifica e representa os compoñentes máis habituais nun circuito eléctrico (condutores, xeradores, receptores e elementos de control) e describe a súa correspondente función. 467. FQB5.5.4. Recoñece os compoñentes electrónicos básicos e describe as súas aplicacións prácticas e a repercusión da miniaturización do microchip no tamaño e no prezo dos dispositivos.	462. Coñece os compoñentes eléctricos dunha vivenda. 464. Comprende os símbolos das etiquetas dos dispositivos. 466. Representa os compoñentes habituais dun circuito eléctrico. 468. Recoñece os elementos electrónicos básicos.	AA OD CC AA OD CC AA OD CC AA OD CC	CMCCT CMCCT CMCCT CMCCT
469. 470.	471. B5.6. Tipos de enerxía. 472. B5.4. Transformacións da enerxía. B5.7. Aspectos industriais da enerxía.	473. B5.6. Describir a forma en que se xera a electricidade nos distintos tipos de centrais eléctricas, así como o seu transporte aos lugares de consumo.	474. FQB5.6.1. Describe o proceso polo que distintas fontes de enerxía se transforman en enerxía eléctrica nas centrais eléctricas, así como os métodos de transporte e almacenaxe desta.	475. Coñece diferentes mecanismos para producir enerxía eléctrica.	AA OD CC	CMCCT

## 2.5.1.ACTIVIDADES

Para reforzar os coñecementos que o alumno e alumna deben adquirir programamos como actividades:

- Resolución de cuestións e problemas, extraídos do libro de texto, atendendo a cada estándar de aprendizaxe.
- Resolución de cuestións e problemas, plantexados polo profesorado da materia, según os diferentes estándares.
- Experiencias de laboratorio, propias do nivel de 3º ESO.

## 2.5.2.TEMPORALIZACIÓN

Primeiro trimestre: Bloque 1 ; Bloque 2 ( B2.1.; B2.2. ; B2.3; B2.4..)

Segundo trimestre: Bloque 2 ( B2.5. ; B2.6. ) ; Bloque 3

Terceiro trimestre: Bloque 4 ; Bloque 5.

## 2.5.3.MÍNIMOS ESIXIBEIS

### Bloque 1. A actividade científica.

- Rexistrar observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunicalos de forma oral e escrita mediante gráficos, táboas e ecuacións.
- Coñecer as etapas do método científico.
- Coñecer as magnitudes fundamentais e as súas unidades no SI.
- Coñecer e aplicar as equivalencias entre múltiplos e submúltiplos.
- Recoñecer o carácter aproximado das medidas.
- Establecer relacións entre magnitudes e unidades no S.I. empregando a notación científica para expresar os resultados.
- Identificar material de laboratorio, e a súa forma de utilizalo en experiencias; respectar as normas de seguridade.
- Realizar pequenos traballos de investigación, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e selección de información.

### Bloque 2. A materia

- Representar o átomo, mediante o número atómico e o número másico.
- Describir as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo.
- Relacionar a notación  ${}^A_ZX$  co número atómico e o número másico, calculando o número de cada unha das partículas subatómicas básicas.
- Explicar que son os isótopos dun elemento; comentar aplicacións dos isótopos

radioactivos, os problemas dos residuos que orixinan e as solucións para a xestión dos mesmos.

- Xustificar a actual ordenación dos elementos en grupos e períodos na T.P., e relacionar as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa tendencia a formar ións.
- Explicar o proceso de formación dun ión a partir do átomo.
- Explicar como certos átomos se unen para formar moléculas e calcular masas moleculares.
- Utilizar a linguaxe química para nomear e formular compostos binarios.

### **Bloque 3. Os cambios**

- Distinguir entre cambios físicos e cambios químicos.
- Representar e interpretar unha reacción química a partir da teoría atómico-molecular e da teoría de colisións.
- Recoñecer cales son os reactivos e os produtos nas ecuacións químicas, e comprobar que se cumpre a lei de conservación da masa.
- Saber axustar ecuacións químicas sinxelas e realizar cálculos estequiométricos en masa para esas ecuacións.
- Coñecer os factores que inflúen na velocidade dunha reacción xustificando os efectos en termos da teoría de colisións.
- Coñecer o impacto ambiental do CO<sub>2</sub>, dos óxidos de xofre, dos óxidos de nitróxeno e dos CFC e outro gases de efecto invernadoiro, relacionándoo cos problemas medioambientais de ámbito global.

### **Bloque 4. Electricidade**

- Comprender a relación entre as cargas eléctricas e a constitución da materia, asociando a carga eléctrica dos corpos cun exceso ou defecto de electróns.
- Coñecer a unidade de carga eléctrica no S.I.
- Coñecer a lei de Coulomb para saber relacionar a forza eléctrica coas cargas e coa distancia entre elas.
- Recoñecer fenómenos magnéticos identificando o imán como fonte natural.
- Establecer a relación entre o paso da corrente eléctrica e o magnetismo.
- Comprender os experimentos de Oersted e de Faraday.

### **Bloque 5. Enerxía**

- Comparar as principais fontes de enerxía de consumo humano e os seus efectos medioambientais.
- Explicar a corrente eléctrica como cargas en movemento a través de condutores.
- Comprender o significado das magnitudes I, V, R, e relacionalas entre si empregando a

lei de Ohm.

- Aplicar a lei de Ohm a circuítos sinxelos, expresando os resultados en unidades do S.I.
- Identificar e representar os compoñentes mais habituais nun circuítu eléctrico: condutores, xeradores, receptores, elementos de control.

## 2.5.4.ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN FÍSICA E QUÍMICA DE 3º ESO

### A) Educación para a paz.

A lectura das biografías dos científicos que se nomean ao longo do curso permítenos coñecer as persecucións ás que foron sometidos por defender as súas ideas en contra do pensamento da época na que viviron. O traballo científico non sempre foi libre e obxectivo, senón que estivo condicionado por diversas cuestións.

Reflexionar sobre o traballo de científicos ao longo da historia, atendendo á sociedade e á tecnoloxía presentes en cada momento, axúdanos a respectar as súas ideas, por moito que nos parezan inxenuas desde o coñecemento actual. Todas as achegas científicas, tanto individuais coma colectivas, erróneas ou correctas, inflúen dunha maneira significativa no desenvolvemento da ciencia.

### B) Educación ambiental. Educación para o consumo

É moi importante que os/as alumnos/as reflexionen sobre o elevado consumo enerxético dos países industrializados. Isto supón un gasto abusivo e irracional de combustibles fósiles, e pode xerar no futuro o esgotamento das fontes enerxéticas tradicionais.

Ao queimar combustibles fósiles na industria enerxética, emítense á atmosfera unha gran cantidade de dióxido de carbono. Aínda que unha parte deste óxido o utilizan as plantas na fotosíntese e outra fracción se dissolve na auga dos océanos, a proporción deste gas na atmosfera foi aumentando progresivamente nos últimos anos. Este aumento entraña unha elevación da temperatura da Terra debido ao *efecto invernadoiro*.

Se a temperatura aumentase o suficiente, podería chegar a fundirse o xeo dos polos, o que suporía unha elevación do nivel do mar e a conseguinte inundación de cidades costeiras.

Evitalo implica, por un lado, utilizar enerxías alternativas e renovables, e, por outro, adoptar medidas de aforro enerxético, como reciclar ou reutilizar materiais.

Así mesmo, crece a preocupación da sociedade polo medio natural. As enerxías renovables, procedentes do Sol, o vento ou a auga, xeran enerxía limpa que non provoca acumulación de gases invernadoiro, responsables do cambio climático.

### C) Educación cívica

O estudo da enerxía pode servir para transmitir aos/as alumnos/as a dimensión social da ciencia, analizando a relación que existe entre o control dos recursos enerxéticos e o desenvolvemento tecnolóxico dun país, así como o seu desenvolvemento económico.



#### **D) Educación para a saúde**

O corpo humano necesita catorce elementos metálicos para funcionar correctamente. En orde de maior a menor cantidade son: Ca (compoñente do esqueleto); Na e K (encargados dos impulsos nerviosos desde a cara ao cerebro); Fe (responsable de que os glóbulos vermello poidan fixar o osíxeno do aire que respiramos para distribuílo por todo o corpo); Mg (regula o movemento das membranas e emprégase na construción de proteínas); Zn, Cu, Sn, V, Cr, Mn, Mo, Co e Ni (forman parte dos encimas que regulan o crecemento, o desenvolvemento, a fertilidade, o aproveitamento eficaz do osíxeno...).

#### **E) Educación non sexista**

Marie Curie é un exemplo de loita, constancia, capacidade e traballo. Graduouse coas mellores notas da súa promoción e foi a primeira muller que obtivo un doutorado nunha universidade europea. Sendo muller pioneira no mundo científico, permitiúselles o uso dun cuberto con goteiras para desenvolver o seu traballo de investigación e non se lle consentiu o acceso aos laboratorios principais por «temor a que a excitación sexual que podería producir a súa presenza obstaculizase as tarefas dos investigadores». A pesar de todo, conseguiu ser a primeira persoa en obter dous premios Nobel, un de Física e outro de Química.

## **2.6. FÍSICA Y QUÍMICA ( 4º ESO)**

Física e Química. 4º de ESO						
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
<b>Bloque 1. A actividade científica</b>						
476. 477. 478. 479. 480.	481. B1.1. Investigación científica.	482. B1.1. Recoñecer que a investigación en ciencia é un labor colectivo e interdisciplinario en constante evolución e influído polo contexto económico e político.	483. FQB1.1.1. Describe feitos históricos relevantes nos que foi definitiva a colaboración de científicos/as de diferentes áreas de coñecemento.  485. FQB1.1.2. Argumenta con espírito crítico o grao de rigor científico dun artigo ou dunha noticia, analizando o método de traballo e identificando as características do traballo científico.	484. Coñece as achegas relevantes de científicos a diversas áreas de coñecemento.  486. Coñece as características do traballo científico.	AA TR  PE AA OD CC PL	CMCCT CCL CCEC CSC  CMCCT CCL CAA CD CSIEE
487.	488. B1.1. Investigación científica.	489. B1.2. Analizar o proceso que debe seguir unha hipótese desde que se formula ata que é aprobada pola comunidade científica.	490. FQB1.2.1. Distingue entre hipóteses, leis e teorías, e explica os procesos que corroboran unha hipótese e a dotan de valor científico.	491. Coñece a diferenza entre hipótese, lei e teoría.	PE AA OD CC	CMCCT CAA
492.	493. B1.2. Magnitudes escalares e vectoriais.	494. B1.3. Comprobar a necesidade de usar vectores para a definición de determinadas magnitudes.	495. FQB1.3.1. Identifica unha determinada magnitude como escalar ou vectorial e describe os elementos que definen esta última.	496. Sabe recoñecer as magnitudes escalares e vectoriais.	PE AA OD CC	CMCCT
497.	498. B1.3. Magnitudes fundamentais e derivadas. Ecuación de dimensións.	499. B1.4. Relacionar as magnitudes fundamentais coas derivadas a través de ecuacións de magnitudes.	500. FQB1.4.1. Comproba a homoxeneidade dunha fórmula aplicando a ecuación de dimensións aos dous membros.	501. Sabe realizar unha análise dimensional para determinar a homoxeneidade dunha fórmula.	PE AA OD CC	CMCCT
502.	503. B1.4. Erros na medida.	504. B1.5. Xustificar que non é posible realizar medidas sen cometer erros, e distinguir entre erro absoluto e relativo.	505. FQB1.5.1. Calcula e interpreta o erro absoluto e o erro relativo dunha medida coñecido o valor real.	506. Sabe calcular o erro absoluto e relativo dunha medida.	PE AA OD CC	CMCCT
507.	508. B1.4. Erros na medida. 509. B1.5. Expresión de resultados.	510. B1.6. Expresar o valor dunha medida usando o redondeo e o número de cifras significativas correctas.	511. FQB1.6.1. Calcula e expresa correctamente o valor da medida, partindo dun conxunto de valores resultantes da medida dunha mesma magnitude, utilizando as cifras significativas adecuadas.	512. Sabe calcular o valor dunha medida partindo dunha serie de valores e o expresa coa cifras correctas.	PE AA OD CC	CMCCT
513.	514. B1.5. Expresión de resultados. 515. B1.6. Análise dos datos experimentais.	516. B1.7. Realizar e interpretar representacións gráficas de procesos físicos ou químicos, a partir de táboas de datos e das leis ou os principios involucrados.	517. FQB1.7.1. Representa graficamente os resultados obtidos da medida de dúas magnitudes relacionadas inferindo, de ser o caso, se se trata dunha relación lineal, cuadrática ou de proporcionalidade inversa, e deducindo a fórmula.	518. Recoñece as relacións lineais ou cuadráticas a partir de gráficas.	PE AA OD CC	CMCCT
519. 520. 521. 522. 523.	527. B1.7. Tecnoloxías da información e da comunicación no traballo científico. 528. B1.8. Proxecto de investiga-	529. B1.8. Elaborar e defender un proxecto de investigación, aplicando as TIC.	530. FQB1.8.1. Elabora e defende un proxecto de investigación sobre un tema de interese científico, empregando as TIC.	531. Sabe realizar un traballo de investigación empregando as TIC.	AA TR PL	CMCCT CAA CCL CD CSIEE

Física e Química. 4º de ESO						
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
524. 525. 526.	ción.					CSC CCEC
532. 533. 534. 535. 536. 537. 538.	539. B1.1. Investigación científica.	540. B1.9. Realizar en equipo tarefas propias da investigación científica.	541. FQB1.9.1. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.	542. Realiza prácticas de laboratorio en grupo de forma colaborativa e seguindo as normas de seguridade.	AA TR PL	CMCCT CCL CD CAA CSIEE CSC CCEC
			543. FQB1.9.2. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica utilizando as TIC.	544. Sabe realizar un traballo de investigación en grupo empregando as TIC.	AA TR PL	CMCCT CCL CD CAA CSIEE CSC CCEC
545.			<b>Bloque 2. A materia</b>		546.	547.
548. 549.	550. B2.1. Modelos atómicos.	551. B2.1. Recoñecer a necesidade de usar modelos para interpretar a estrutura da materia utilizando aplicacións virtuais interactivas.	552. FQB2.1.1. Compara os modelos atómicos propostos ao longo da historia para interpretar a natureza íntima da materia, interpretando as evidencias que fixeron necesaria a evolución destes.	553. Coñece a evolución dos modelos atómicos ata a teoría de orbitais atómicos.	PE AA OD CC	CMCCT CCEC
			554. FQB2.1.2. Utiliza as TIC ou aplicacións interactivas para visualizar a representación da estrutura da materia nos diferentes modelos atómicos.	555. Recoñece os modelos atómicos a partir de aplicacións interactivas.	PE AA OD CC	CCMT CD
556.	557. B2.2. Sistema periódico e configuración electrónica.	558. B2.2. Relacionar as propiedades dun elemento coa súa posición na táboa periódica e a súa configuración electrónica.	559. FQB2.2.1. Establece a configuración electrónica dos elementos representativos a partir do seu número atómico para deducir a súa posición na táboa periódica, os seus electróns de valencia e o seu comportamento químico.	560. Sabe escribir a configuración electrónica e relacionala coa posición na táboa periódica.	PE AA OD CC	CMCCT
			561. FQB2.2.2. Distingue entre metais, non metais, semimetais e gases nobres, e xustifica esta clasificación en función da súa configuración electrónica.	562. Sabe clasificar os elementos coñecida a súa configuración electrónica.	PE AA OD CC	CMCCT
563.	564. B2.2. Sistema periódico e configuración electrónica.	565. B2.3. Agrupar por familias os elementos representativos e os elementos de transición	566. FQB2.3.1. Escribe o nome e o símbolo dos elementos químicos, e sitúaos na táboa periódica.	567. Coñece os nomes e símbolos dos elementos e os sitúa na táboa periódica.	PE AA	CMCCT

Física e Química. 4º de ESO						
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Estándares mínimos	Inst. aval	Compet
		segundo as recomendacións da IUPAC.			OD CC	
568.	569. B2.2. Sistema periódico e configuración electrónica. 570. B2.3. Enlace químico: iónico, covalente e metálico.	571. B2.4. Interpretar os tipos de enlace químico a partir da configuración electrónica dos elementos implicados e a súa posición na táboa periódica.	572. FQB2.4.1. Utiliza a regra do octeto e diagramas de Lewis para predicir a estrutura e a fórmula dos compostos iónicos e covalentes.	573. Utiliza os diagramas de Lewis para explicar o enlace de substancias iónicas e covalentes.	PE AA OD CC	CMCCT
			574. FQB2.4.2. Interpreta a información que ofrecen os subíndices da fórmula dun composto segundo se trate de moléculas ou redes cristalinas.	575. Sabe interpretar as fórmulas de compostos iónicos e covalentes.	PE AA OD CC	CMCCT
576.	577. B2.3. Enlace químico: iónico, covalente e metálico. 578. B2.4. Forzas intermoleculares.	579. B2.5. Xustificar as propiedades dunha substancia a partir da natureza do seu enlace químico.	580. FQB2.5.1. Explica as propiedades de substancias covalentes, iónicas e metálicas en función das interaccións entre os seus átomos ou as moléculas.	581. Coñece as propiedades das substancias iónicas e covalentes.	PE AA OD CC	CMCCT
			582. FQB2.5.2. Explica a natureza do enlace metálico utilizando a teoría dos electróns libres, e relaciónaa coas propiedades características dos metais.	583. Explica as propiedades dos metais empregando a teoría dos electróns libres como modelo.	PE AA OD CC	CMCCT
			584. FQB2.5.3. Deseña e realiza ensaios de laboratorio que permitan deducir o tipo de enlace presente nunha substancia descoñecida.	585. Coñece probas de laboratorio para recoñecer o enlace das substancias.	PE AA OD CC	CAA CMCCT CSIEE
586.	587. B2.4. Formulación e nomenclatura de compostos inorgánicos segundo as normas da IUPAC.	588. B2.6. Nomear e formular compostos inorgánicos ternarios segundo as normas da IUPAC.	589. FQB2.6.1. Nomea e formula compostos inorgánicos ternarios, seguindo as normas da IUPAC.	590. Sabe nomear e escribir fórmulas de compostos ternarios seguindo as normas da IUPAC.	PE AA OD CC	CCL CMCCT

591.	592. B2.5. Forzas intermoleculares.	593. B2.7. Recoñecer a influencia das forzas intermoleculares no estado de agregación e nas	594. FQB2.7.1. Xustifica a importancia das forzas intermoleculares en substancias de interese biolóxico.	595. Coñece a importancia das forzas intermoleculares en substancias relevantes.	PE AA OD	CMCCT
------	-------------------------------------	---	--	--	----------------	-------

		propiedades de substancias de interese.			CC	
			596. FQB2.7.2. Relaciona a intensidade e o tipo das forzas intermoleculares co estado físico e os puntos de fusión e ebulición das substancias covalentes moleculares, interpretando gráficos ou táboas que conteñan os datos necesarios.	597. Sabe relacionar as forzas intermoleculares coas propiedades físicas das substancias covalentes moleculares.	PE AA OD CC	CMCCT
598.	599. B2.6. Introducción á química orgánica.	600. B2.8. Establecer as razóns da singularidade do carbono e valorar a súa importancia na constitución dun elevado número de compostos naturais e sintéticos.	601. FQB2.8.1. Explica os motivos polos que o carbono é o elemento que forma maior número de compostos.	602. Entende os motivos da existencia do gran número de compostos de carbono.	PE AA OD CC	CMCCT
			603. FQB2.8.2. Analiza as formas alotrópicas do carbono, relacionando a estrutura coas propiedades.	604. Coñece as propiedades das formas alotrópicas do carbono.	PE AA OD CC	CMCCT
605.	606. B2.6. Introducción á química orgánica.	607. B2.9. Identificar e representar hidrocarburos sinxelos mediante distintas fórmulas, relacionalas con modelos moleculares físicos ou xerados por computador, e coñecer algunhas aplicacións de especial interese.	608. FQB2.9.1. Identifica e representa hidrocarburos sinxelos mediante a súa fórmula molecular, semidesenvolvida e desenvolvida.	609. Sabe representar hidrocarburos sinxelos mediante a súa fórmula semidesenvolvida e desenvolvida	PE AA OD CC	CMCCT
			610. FQB2.9.2. Deduce, a partir de modelos moleculares, as fórmulas usadas na representación de hidrocarburos.	611. Recoñece as fórmulas a partir de modelos moleculares.	PE AA OD CC	CMCCT
			612. FQB2.9.3. Describe as aplicacións de hidrocarburos sinxelos de especial interese.	613. Coñece as aplicacións de hidrocarburos sinxelos.	PE AA OD CC	CMCCT
614.	615. B2.6. Introducción á química orgánica.	616. B2.10. Recoñecer os grupos funcionais presentes en moléculas de especial interese.	617. FQB2.10.1. Recoñece o grupo funcional e a familia orgánica a partir da fórmula de alcohois, aldehidos, cetonas, ácidos carboxílicos, ésteres e aminas.	618. Sabe recoñecer a familia orgánica a partir da fórmula de alcohois, aldehidos, cetonas, ácidos carboxílicos, ésteres e aminas.	PE AA OD CC	CMCCT
<b>Bloque 3. Os cambios</b>						
619.	620. B3.1. Reaccións e ecuacións químicas. 621. B3.2. Mecanismo, velocidade e enerxía das reaccións.	622. B3.1. Explicar o mecanismo dunha reacción química e deducir a lei de conservación da masa a partir do concepto da reorganización atómica que ten lugar.	623. FQB3.1.1. Interpreta reaccións químicas sinxelas utilizando a teoría de colisións, e deduce a lei de conservación da masa.	624. Sabe aplicar a lei de conservación da masa ás reaccións químicas.	PE AA OD CC	CMCCT
625.	626. B3.2. Mecanismo, velocidade e enerxía das reaccións.	627. B3.2. Razoar como se altera a velocidade dunha reacción ao modificar algún dos factores que inflúen sobre ela, utilizando o modelo cinético-molecular e a teoría de colisións para	628. FQB3.2.1. Predí o efecto que sobre a velocidade de reacción teñen a concentración dos reactivos, a temperatura, o grao de división dos reactivos sólidos e os catalizadores.	629. Coñece os factores dos que dependen as reaccións químicas.	PE AA OD CC	CMCCT

		xustificar esta predición.	630. FQB3.2.2. Analiza o efecto dos factores que afectan a velocidade dunha reacción química, sexa a través de experiencias de laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas nas que a manipulación das variables permita extraer conclusións.	631. Coñece o efectos dos factores dos que depende a velocidade das reaccións químicas en exemplos sinxelos.	PE AA OD CC	CMCCT CD
632.	633. B3.2. Mecanismo, velocidade e enerxía das reaccións.	634. B3.3. Interpretar ecuacións termoquímicas e distinguir entre reaccións endotérmicas e exotérmicas.	635. FQB3.3.1. Determina o carácter endotérmico ou exotérmico dunha reacción química analizando o signo da calor de reacción asociada.	636. Sabe recoñecer o carácter endotérmico ou exotérmico dunha RQ coñecendo a calor de reacción.	PE AA OD CC	CMCCT
637.	638. B3.3. Cantidade de substancia: mol.	639. B3.4. Recoñecer a cantidade de substancia como magnitude fundamental e o mol como a súa unidade no Sistema Internacional de Unidades.	640. FQB3.4.1. Realiza cálculos que relacionen a cantidade de substancia, a masa atómica ou molecular e a constante do número de Avogadro.	641. Domina os cálculos con moles.	PE AA OD CC	CMCCT
642.	643. B3.4. Concentración molar. 644. B3.5. Cálculos estequiométricos.	645. B3.5. Realizar cálculos estequiométricos con reactivos puros supondo un rendemento completo da reacción, partindo do axuste da ecuación química correspondente.	646. FQB3.5.1. Interpreta os coeficientes dunha ecuación química en termos de partículas e moles e, no caso de reaccións entre gases, en termos de volumes.	647. Sabe interpretar as RQ desde o punto de vista de partículas e moles.	PE AA OD CC	CMCCT
			648. FQB3.5.2. Resolve problemas, realizando cálculos estequiométricos, con reactivos puros e supondo un rendemento completo da reacción, tanto se os reactivos están en estado sólido como se están en disolución.	649. Sabe realizar cálculos estequiométricos en estado sólido e en disolución.	PE AA OD CC	CMCCT
650.	651. B3.6. Reaccións de especial interese.	652. B3.6. Identificar ácidos e bases, coñecer o seu comportamento químico e medir a súa fortaleza utilizando indicadores e o pHmetro dixital.	653. FQB3.6.1. Utiliza a teoría de Arrhenius para describir o comportamento químico de ácidos e bases.	654. Identifica os ións que caracterizan a ácidos e bases.	PE AA OD CC	CMCCT
			655. FQB3.6.2. Establece o carácter ácido, básico ou neutro dunha disolución utilizando a escala de pH.	656. Sabe empregar a escala de pH.	PE AA OD CC	CMCCT
657. 658. 659. 660.	661. B3.6. Reaccións de especial interese.	662. B3.7. Realizar experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión e neutralización, interpretando os fenómenos observados.	663. FQB3.7.1. Deseña e describe o procedemento de realización dunha volumetría de neutralización entre un ácido forte e unha base forte, e interpreta os resultados.	664. Sabe realizar os cálculos dunha volumetría de neutralización entre ácidos e bases fortes.	PE AA OD CC	CMCCT CSIEE
			665. FQB3.7.2. Planifica unha experiencia e describe o procedemento para seguir no laboratorio que demostre que nas reaccións de combustión se produce dióxido de carbono mediante a detección deste gas.	666. Coñece os reactivos e produtos que se forman nunha reacción de combustión.	PE AA OD CC	CMCCT CSIEE
			667. FQB3.7.3. Realiza algunhas experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión ou neutralización.	668. Sabe realizar no laboratorio unha reacción de neutralización entre ácidos e bases fortes.	AA TR PL	CMCCT CAA

669.	670. B3.6. Reaccións de especial interese.	671. B3.8. Valorar a importancia das reaccións de síntese, combustión e neutralización en procesos biolóxicos, en aplicacións cotiás e na industria, así como a súa repercusión ambiental.	672. FQB3.8.1. Describe as reaccións de síntese industrial do amoníaco e do ácido sulfúrico, así como os usos destas substancias na industria química.	673. Coñece as reaccións de síntese do amoníaco e o ácido sulfúrico e a importancia destas substancias.	PE AA OD CC	CMCCT
			674. FQB3.8.2. Valora a importancia das reaccións de combustión na xeración de electricidade en centrais térmicas, na automoción e na respiración celular.	675. Coñece a importancia das reaccións de combustión.	PE AA OD CC	CMCCT CSC
			676. FQB3.8.3. Describe casos concretos de reaccións de neutralización de importancia biolóxica e industrial.	677. Coñece exemplos de reaccións de neutralización de importancia.	PE AA OD CC	CMCCT
<b>Bloque 4. O movemento e as forzas</b>						
678.	679. B4.1. Movemento. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.	680. B4.1. Xustificar o carácter relativo do movemento e a necesidade dun sistema de referencia e de vectores, para o describir adecuadamente, aplicando o anterior á representación de distintos tipos de desprazamento.	681. FQB4.1.1. Representa a traxectoria e os vectores de posición, desprazamento e velocidade en distintos tipos de movemento, utilizando un sistema de referencia.	682. Entende a necesidade de empregar un sistema de referencia para estudar o movemento.	PE AA OD CC	CMCCT
683.	684. B4.1. Movemento. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.	685. B4.2. Distinguir os conceptos de velocidade media e velocidade instantánea, e xustificar a súa necesidade segundo o tipo de movemento.	686. FQB4.2.1. Clasifica tipos de movementos en función da súa traxectoria e a súa velocidade.	687. Sabe clasificar os distintos tipos de movementos e pon exemplos de cada un.	PE AA OD CC	CMCCT
			688. FQB4.2.2. Xustifica a insuficiencia do valor medio da velocidade nun estudo cualitativo do movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA), e razoa o concepto de velocidade instantánea.	689. Distingue os concepto de velocidade e aceleración.	PE AA OD CC	CMCCT
690.	691. B4.1. Movemento. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.	692. B4.3. Expresar correctamente as relacións matemáticas que existen entre as magnitudes que definen os movementos rectilíneos e circulares.	693. FQB4.3.1. Deduce as expresións matemáticas que relacionan as variables nos movementos rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), así como as relacións entre as magnitudes lineais e angulares.	694. Coñece as relacións matemáticas que relacionan as magnitudes implicadas nun MRU, MRUA e MCU.	PE AA OD CC	CMCCT
695.	696. B4.1. Movemento. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.	697. B4.4. Resolver problemas de movementos rectilíneos e circulares, utilizando unha representación esquemática coas magnitudes vectoriais implicadas, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional.	698. FQB4.4.1. Resolve problemas de movemento rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), incluíndo movemento de graves, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes, e expresar o resultado en unidades do Sistema Internacional.	699. Resolve problemas de MRU, MRUA e MCU aplicando o criterio de signos axeitado empregando unidades do SI.	PE AA OD CC	CMCCT
			700. FQB4.4.2. Determina tempos e distancias de freada de vehículos e xustifica, a partir dos resultados, a importancia de manter a distancia de seguridade na estrada.	701. Realiza cálculos para valorar a importancia da distancia de seguridade.	AA OD CC	CMCCT CSC
			702. FQB4.4.3. Argumenta a existencia do vector aceleración en	703. Entende a aparición dunha aceleración sempre	PE	CMCCT



			calquera movemente curvilíneo e calcula o seu valor no caso do movemente circular uniforme.	que exista un cambio no vector velocidade.	AA OD CC	
704.	705. B4.1. Movemento. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.	706. B4.5. Elaborar e interpretar gráficas que relacionen as variables do movemente partindo de experiencias de laboratorio ou de aplicacións virtuais interactivas e relacionar os resultados obtidos coas ecuacións matemáticas que vinculan estas variables.	707. FQB4.5.1. Determina o valor da velocidade e a aceleración a partir de gráficas posición-tempo e velocidade-tempo en movementos rectilíneos.	708. Sabe calcular a velocidade e a aceleración deas gráficas x-t e v-t.	PE AA OD CC	CMCCT
			709. FQB4.5.2. Deseña, describe e realiza individualmente ou en equipo experiencias no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo, e representa e interpreta os resultados obtidos.	710. Realiza prácticas no laboratorio de MRU e MRUA e presenta e interpreta os resultados obtidos.	TR PL	CMCCT CSIEE CD CCL CAA CSC
711.	712. B4.2. Natureza vectorial das forzas. 713. B4.3. Leis de Newton. 714. B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta.	715. B4.6. Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios na velocidade dos corpos e representalas vectorialmente.	716. FQB4.6.1. Identifica as forzas implicadas en fenómenos cotiáns nos que hai cambios na velocidade dun corpo.	717. Identifica as forzas que producen cambios de velocidade nos corpos.	PE AA OD CC	CMCCT
			718. FQB4.6.2. Representa vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centrípeta en casos de movementos rectilíneos e circulares.	719. Sabe representar vectorialmente as forzas en movementos rectilíneos e circulares.	PE AA OD CC	CMCCT
720.	721. B4.3. Leis de Newton. 722. B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta.	723. B4.7. Utilizar o principio fundamental da dinámica na resolución de problemas nos que interveñen varias forzas.	724. FQB4.7.1. Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.	725. Representa e calcula a resultante de varias forzas nun plano horizontal e inclinado.	PE AA OD CC	CMCCT
726.	727. B4.3. Leis de Newton. 728. B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta.	729. B4.8. Aplicar as leis de Newton para a interpretación de fenómenos cotiáns.	730. FQB4.8.1. Interpreta fenómenos cotiáns en termos das leis de Newton.	731. Identifica as leis de Newton en fenómenos cotiáns.	PE AA OD CC	CMCCT
			732. FQB4.8.2. Deducer a primeira lei de Newton como consecuencia do enunciado da segunda lei.	733. Entende a primeira lei de Newton como un caso particular da segunda.	PE AA OD CC	CMCCT
			734. FQB4.8.3. Representa e interpreta as forzas de acción e reacción en situacións de interacción entre obxectos.	735. Identifica as forzas de acción e reacción en casos prácticos.	PE AA OD CC	CMCCT
736.	737. B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e	739. B4.9. Valorar a relevancia histórica e científica que a lei da gravitación universal supuxo para a unificación das mecánicas terrestre e	740. FQB4.9.1. Xustifica o motivo polo que as forzas de atracción gravitatoria só se poñen de manifesto para obxectos moi masivos, comparando os resultados obtidos de aplicar a lei da gravitación	741. Sabe realizar cálculos de forzas empregando a lei de gravitación universal.	PE AA OD	CMCCT

	centrípeta. 738. B4.5. Lei da gravitación universal.	celeste, e interpretar a súa expresión matemática.	universal ao cálculo de forzas entre distintos pares de obxectos.		CC	
			742. FQB4.9.2. Obtén a expresión da aceleración da gravidade a partir da lei da gravitación universal relacionando as expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza de atracción gravitatoria.	743. Obtén a aceleración de gravidade a partir da lei de gravitación.	PE AA OD CC	CMCCT
744.	745. B4.5. Lei da gravitación universal.	746. B4.10. Comprender que a caída libre dos corpos e o movemento orbital son dúas manifestacións da lei da gravitación universal.	747. FQB4.10.1. Razona o motivo polo que as forzas gravitatorias producen nalgúns casos movementos de caída libre e noutros casos movementos orbitais.	748. Representa as forzas que están presentes nos movementos orbitais.	PE AA OD CC	CMCCT
749.	750. B4.5. Lei da gravitación universal.	751. B4.11. Identificar as aplicacións prácticas dos satélites artificiais e a problemática xurdida polo lixo espacial que xeran.	752. FQB4.11.1. Describe as aplicacións dos satélites artificiais en telecomunicacións, predición meteorolóxica, posicionamento global, astronomía e cartografía, así como os riscos derivados do lixo espacial que xeran.	753. Relaciona a posición dos satélites coas súas aplicacións.	AA OD CC	CMCCT CSC
2166. i	2167. B3.27. Leis de Faraday da electrólise.	2168. B3.21. Determinar a cantidade de substancia depositada nos eléctrodos dunha cuba electrolítica empregando as leis de Faraday.	2169. QUB3.21.1. Aplica as leis de Faraday a un proceso electrolítico determinando a cantidade de materia depositada nun eléctrodo ou o tempo que tarda en facelo, e compróboo experimentalmente nalgún proceso dado.	2170. CMCCT
2171. i 2172. i	2173. B3.28. Aplicacións e repercusións das reaccións de oxidación-redución: baterías eléctricas, pilas de combustible e prevención da corrosión de metais.	2174. B3.22. Coñecer algunhas das aplicacións da electrólise como a prevención da corrosión, a fabricación de pilas de distintos tipos (galvánicas, alcalinas e de combustible) e a obtención de elementos puros.	2175. QUB3.22.1. Representa os procesos que teñen lugar nunha pila de combustible, escribindo as semirreaccións redox e indicando as vantaxes e os inconvenientes do uso destas pilas fronte ás convencionais. 2178. QUB3.22.2. Xustifica as vantaxes da anodización e a galvanoplastia na protección de obxectos metálicos.	2176. CMCCT 2177. CSC 2179. CMCCT
Bloque 4. Síntese orgánica e novos materiais				
2180. i	2181. B4.1. Estudo de funcións orgánicas.	2182. B4.1. Recoñecer os compostos orgánicos, segundo a función que os caracteriza.	2183. QUB4.1.1. Relaciona a forma de hibridación do átomo de carbono co tipo de enlace en diferentes compostos representando graficamente moléculas orgánicas sinxelas.	2184. CMCCT
2185. i	2186. B4.2. Nomenclatura e formulación orgánica segundo as normas da IUPAC. 2187. B4.3. Funcións orgánicas de interese: osixenadas e nitroxenadas, derivados haloxenados, tiois e perácidos. Compostos orgánicos polifuncionais.	2188. B4.2. Formular compostos orgánicos sinxelos con varias funcións.	2189. QUB4.2.1. Diferencia, nomea e formula hidrocarburos e compostos orgánicos que posúen varios grupos funcionais.	2190. CMCCT
2191. i	2192. B4.4. Tipos de isomería.	2193. B4.3. Representar isómeros a partir dunha fórmula molecular dada.	2194. QUB4.3.1. Distingue os tipos de isomería representando, formulando e nomeando os posibles isómeros, dada unha fórmula molecular.	2195. CMCCT
2196. i	2197. B4.5. Tipos de reaccións orgánicas.	2198. B4.4. Identificar os principais tipos de re-	2199. QUB4.4.1. Identifica e explica os princi-	2200. CMCCT

Química. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		accións orgánicas: substitución, adición, eliminación, condensación e redox.	país tipos de reaccións orgánicas (substitución, adición, eliminación, condensación e redox), predicindo os produtos, se é necesario.	
2201. i	2202. B4.5. Tipos de reaccións orgánicas.	2203. B4.5. Escribir e axustar reaccións de obtención ou transformación de compostos orgánicos en función do grupo funcional presente.	2204. QUB4.5.1. Desenvolve a secuencia de reaccións necesarias para obter un composto orgánico determinado a partir de outro con distinto grupo funcional, aplicando a regra de Markovnikov ou de Saytzeff para a formación de distintos isómeros.	2205. CMCCT
2206. b 2207. i 2208. l	2209. B4.6. Importancia da química do carbono no desenvolvemento da sociedade do benestar. 2210. B4.7. Principais compostos orgánicos de interese biolóxico e industrial: materiais polímeros e medicamentos.	2211. B4.6. Valorar a importancia da química orgánica vinculada a outras áreas de coñecemento e ao interese social.	2212. QUB4.6.1. Relaciona os grupos funcionais e as estruturas principais con compostos sinxelos de interese biolóxico.	2213. CMCCT 2214. CSC
2215. i	2216. B4.8. Macromoléculas.	2217. B4.7. Determinar as características máis importantes das macromoléculas.	2218. QUB4.7.1. Recoñece macromoléculas de orixe natural e sintética.	2219. CMCCT
2220. i	2221. B4.9. Polímeros.	2222. B4.8. Representar a fórmula dun polímero a partir dos seus monómeros, e viceversa.	2223. QUB4.8.1. A partir dun monómero, deseña o polímero correspondente e explica o proceso que tivo lugar.	2224. CMCCT
2225. i 2226. l	2227. B4.10. Reaccións de polimerización. 2228. B4.11. Polímeros de orixe natural e sintética: propiedades.	2229. B4.9. Describir os mecanismos máis sinxelos de polimerización e as propiedades dalgúns dos principais polímeros de interese industrial.	2230. QUB4.9.1. Utiliza as reaccións de polimerización para a obtención de compostos de interese industrial como polietileno, PVC, poliestireno, caucho, poliamidas e poliésteres, poliuretanos e baquelita.	2231. CMCCT
2232. b 2233. i 2234. l	2235. B4.7. Principais compostos orgánicos de interese biolóxico e industrial: materiais polímeros e medicamentos.	2236. B4.10. Coñecer as propiedades e a obtención dalgúns compostos de interese en biomedicina e, en xeral, nas ramas da industria.	2237. QUB4.10.1. Identifica substancias e derivados orgánicos que se utilizan como principios activos de medicamentos, cosméticos e biomateriais, e valora a repercusión na calidade de vida.	2238. CMCCT 2239. CSC



Química. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
2240. b 2241. i 2242. l	2243. B4.12. Fabricación de materiais plásticos e as súas transformacións: impacto ambiental.	2244. B4.11. Distinguir as principais aplicacións dos materiais polímeros, segundo a súa utilización en distintos ámbitos.	2245. QUB4.11.1. Describe as principais aplicacións dos materiais polímeros de alto interese tecnolóxico e biolóxico (adhesivos e revestimentos, resinas, tecidos, pinturas, próteses, lentes, etc.), en relación coas vantaxes e as desvantaxes do seu uso segundo as propiedades que o caracterizan.	2246. CMCCT 2247. CSC
2248. b 2249. i 2250. l	2251. B4.6. Importancia da química do carbono no desenvolvemento da sociedade do benestar.	2252. B4.12. Valorar a utilización das substancias orgánicas no desenvolvemento da sociedade actual e os problemas ambientais que se poden derivar.	2253. QUB4.12.1. Recoñece as utilidades que os compostos orgánicos teñen en sectores como a alimentación, a agricultura, a biomedicina, a enxeñaría de materiais e a enerxía, fronte ás posibles desvantaxes que leva consigo o seu desenvolvemento.	2254. CCEC 2255. CMCCT 2256. CSC

### 3.4.1.ACTIVIDADES

Para reforzar os coñecementos que o alumno e alumna deben adquirir, programamos como actividades:

- Resolución de cuestións e problemas, extraídos do libro de texto, atendendo a cada estándar de aprendizaxe.
- Resolución de cuestións e problemas, plantexados polo profesorado da materia, según os diferentes estándares.
- Experiencias de laboratorio, propias do nivel de Química de 2º de Bacharelato.

### 3.4.2. TEMPORALIZACIÓN

Bloque 1: A actividade científica lévase a cabo ao longo de todo o curso, xa que vai ligada ao desenvolvemento dos restantes bloques.

#### **Primeiro trimestre:**

Repaso inicial de formulación inorgánica, orgánica e de cálculos químicos.

Bloque 2.Orixe e evolución dos compoñentes do Universo.

#### **Segundo trimestre:**

Bloque 3: Reaccións químicas ( 3.1 a 3.21)

#### **Terceiro trimestre:**

Bloque 3: Reaccións químicas ( 3.22 a 3.28)

Bloque 4: Síntese orgánica e novos materiais.

### 3.4.3.MÍNIMOS EXISÍBEIS

#### Bloque 1. A actividade científica

- Aplicar habilidades necesarias para a investigación científica.
- Utilizar o material e os instrumentos de laboratorio empregando as normas de seguridade adecuadas para a realización de experiencias químicas.
- Localizar e utilizar aplicacións e programas de simulación de prácticas de laboratorio.
- Realizar de xeito cooperativo algunhas tarefas propias da investigación científica: búsqueda de información, prácticas de laboratorio, etc.

#### Bloque 2. Orixe e evolución dos compoñentes do universo

- Citar as características mais salientables dos modelos atómicos de Thomson, Rutherford, Bohr e Mecano-cuántico, en relación ás súas bases experimentais e limitacións.
- Calcular o valor enerxético correspondente a unha transición electrónica entre dous niveis dados relacionándoo coa interpretación dos espectros atómicos.
- Aplicar o concepto de efecto fotoeléctrico para calcular a enerxía cinética dos electróns emitidos por un metal.
- Coñecer e explicar o significado dos números cuánticos e indicar os valores que poden tomar.
- Determinar lonxitudes de onda asociadas a partículas en movemento.
- Enunciar o principio de incerteza de Heisenberg e o principio da dualidade onda-corpúsculo.
- Determinar os números cuánticos que definen un orbital e os necesarios para definir o electrón.
- Recoñecer estados fundamentais, excitados e imposibles do electrón, relacionándoos cos valores dos seus números cuánticos.
- Describir os distintos grupos do Sistema Periódico actual.
- Describir os distintos períodos do Sistema Periódico actual.
- Explicar e aplicar correctamente as regras que determinan a colocación dos electróns nun átomo.
- Determina a configuración electrónica dun átomo, e recoñecer o número de electróns no último nivel.
- Determinar a configuración electrónica dun átomo a partir da súa posición no sistema periódico.
- Establecer a relación entre a posición na Táboa Periódica e o número de electróns no último nivel.
- Definir enerxía de ionización, afinidade electrónica, electonegatividade, radio atómico e radio iónico.
- Argumentar a variación do raio atómico, potencial de ionización, afinidade electrónica e electronegatividade en grupos e períodos, comparando as devanditas propiedades para elementos diferentes.

- Xustificar a estabilidade das moléculas ou cristais formados empregando a regra do octeto ou baseándose nas interaccións dos electróns da capa de valencia para a formación dos enlaces.
- Predecir o tipo de enlace e xustificar a fórmula do composto químico que forman dous elementos, en función do número atómico ou do lugar que ocupan no sistema periódico.
- Aplicar o ciclo de Born-Haber para o cálculo da enerxía reticular de cristais iónicos.
- Comparar os puntos de fusión de compostos iónicos cun ión común.
- Explicar o proceso de disolución dun composto iónico en auga e xustificar a súa condutividade eléctrica.
- Representar a estrutura de Lewis de moléculas sinxelas e ións que cumpran a regra do octeto.
- Identificar moléculas con hipovalencia e hipervalencia e recoñecer estas como unha limitación da teoría de Lewis.
- Determina a polaridade dunha molécula utilizando a TRPECV para explicar a súa xeometría.
- Representar a disposición electrónica (lineal, triangular plana e tetraédrica) de moléculas covalentes aplicando a TEV e a TRPECV, e xustificar a xeometría molecular das mesmas.
- Determina a polaridade dunha molécula utilizando de forma cualitativa o concepto de momento dipolar e comparar a fortaleza de diferentes enlaces, coñecidos algúns parámetros moleculares.
- Aplicar a teoría de hibridación ( $sp$ ,  $sp^2$  e  $sp^3$ ) para compostos inorgánicos e orgánicos.
- Explicar a condutividade eléctrica e térmica dos metais mediante o modelo do gas electrónico.
- Describir o comportamento dun elemento como illante, condutor ou semiconductor eléctrico, utilizando a teoría de bandas.
- Xustificar a influencia das forzas intermoleculares para explicar como varían as propiedades específicas de diversas substancias (temperatura de fusión, temperatura de ebulición e solubilidade) en función das devanditas interaccións.
- Identifica os distintos tipos de forzas intermoleculares existentes nas substancias covalentes. Principalmente, a presenza de enlaces por pontes de hidróxeno en substancias de interese biolóxico (alcohois, ácidos orgánicos, etc.).

### **Bloque 3. Reaccións químicas**

- Obter ecuacións cinéticas reflectindo as unidades das magnitudes que interveñen.
- Interpretar adecuadamente os gráficos de velocidade de reacción respecto ao tempo, así como os de variación de concentración respecto ao tempo e os de variación da enerxía respecto ao percorrido da reacción.
- Aplicar as dúas teorías sobre a formación dunha reacción química a reaccións sinxelas.
- Resolver cuestións cos diferentes factores que modifican a velocidade dunha reacción.
- Calcular os valores da enerxía de activación a partir de valores das constantes de velocidade a distintas temperaturas, utilizando a ecuación de Arrhenius.
- Determinar as variacións da velocidade coa temperatura aplicando a ecuación de Arrhenius.

- Explica o funcionamento dos catalizadores homoxéneos en relación coa enerxía de activación.
- Identificar a etapa limitante nun mecanismo de reacción cos datos das velocidades de reacción.
- Calcular as ordes da reacción a partir de táboas de datos experimentais das ecuacións de velocidade.
- Determinar o valor do cociente de reacción e prever a evolución dunha reacción para alcanzar o equilibrio.
- Interpretar situacións onde se poñen de manifesto os factores que inflúen no desprazamento do equilibrio químico, tanto en equilibrios homoxéneos como heteroxéneos.
- Achar o valor das constantes de equilibrio,  $K_c$  e  $K_p$ , para un equilibrio en diferentes situacións de presión, volume ou concentración.
- Calcular as concentracións ou presións parciais das substancias presentes nun equilibrio químico empregando a lei de acción de masas, e xustificar como evoluciona ao variar a cantidade de produto ou de reactivo.
- Utilizar o grao de disociación aplicándoo ao cálculo de concentracións e constantes de equilibrio  $K_c$  e  $K_p$ .
- Utilizar o produto de solubilidade aplicando a lei de Guldberg e Waage en equilibrios heteroxéneos sólido-líquido.
- Aplicar o principio de Le Châtelier para predicir a evolución dun sistema en equilibrio ao modificar a temperatura, presión, volume ou concentración que o definen.
- Calcular a solubilidade ao engadir un ión común.
- Calcular a solubilidade ao engadir ións procedentes de ácidos ou bases fortes.
- Xustificar o comportamento ácido ou básico dun composto aplicando as teorías de Arrhenius e de Brønsted-Lowry.
- Identificar o carácter ácido, básico ou neutro de distintas disolucións segundo o tipo de composto disolto nelas.
- Diferenciar entre ácidos e bases fortes e débiles utilizando os valores das constantes e graos de disociación.
- Obter o grao de disociación de ácidos e bases, dados os valores das constantes de acidez e basicidade.
- Calcular o valor do pH de disolucións de ácidos e bases monopróticos.
- Indicar o comportamento ácido-base dun sal disolto en auga aplicando o concepto de hidrólise.
- Explicar o funcionamento de disolucións reguladoras de uso común (acetato de sodio/ácido acético).
- Describir o procedemento para realizar unha volumetría ácido base dunha disolución de concentración descoñecida, realizando os cálculos necesarios.
- Definir oxidación e redución.
- Calcular números de oxidación para os átomos que interveñen nun proceso redox dado, identificando as semirreaccións de oxidación e de redución así como o oxidante e o redutor do proceso.
- Identificar reaccións de oxidación-redución empregando o método do ión-electrón para axustalas.
- Axustar as reaccións de oxidación-redución empregando o método do ión-electrón.

- Utilizar as táboas de potenciais estándar de redución para predicir a evolución dos procesos redox.
- Relacionar a espontaneidade dun proceso redox coa variación da enerxía de Gibbs tendo en conta o valor da forza electromotora obtida.
- Diseñar unha pila coñecendo os potenciais estándar de redución, utilizándoos para calcular o potencial xerado formulando as semirreaccións redox correspondentes.
- Analizar un proceso de oxidación-redución coa xeración de corrente eléctrica representando unha célula galvánica.
- Realizar os cálculos estequiométricos necesarios para aplicar ás volumetrías redox.
- Aplica as leis de Faraday a un proceso electrolítico determinando a cantidade de materia depositada nun eléctrodo ou o tempo que tarda en facelo.

#### **Bloque 4. Síntese orgánica e novos materiais**

- Recoñecer compostos orgánicos polo seu grupo funcional.
- Formular e nomear compostos orgánicos sinxelos (ata 10 átomos de C)
- Relacionar a forma de hibridación do átomo de carbono co tipo de enlace en diferentes compostos.
- Representar graficamente os grupos funcionais característicos (alcanos, alquenos, alquinos, alcois, aldehídos, cetonas, ácidos carboxílicos, aminas, amidas, nitrilos...) con hibridación de orbitais.
- Distinguir os diferentes tipos de isomería estrutural ou constitucional e cis-trans representando, formulando e nomeando os posibles isómeros, dada unha fórmula molecular.
- Formular e nomea hidrocarburos saturados e non saturados (ata 10 átomos de C).
- Formular e nomear hidrocarburos aromáticos (derivados bencénicos).
- Formular e nomear derivados haloxenados (ata 10 átomos de C).
- Formular e nomear alcohois e fenois, aldehidos e cetonas, ácidos, orgánicos e outros compostos osixenados (ata 10 átomos de C).
- Formular e nomear aminas, amidas e nitrilos (ata 10 átomos de C).
- Formular e nomear distintos compostos orgánicos que posúen ata 2 grupos funcionais na mesma molécula.
- Recoñecer a diferenza entre os mecanismos das reaccións de adición e de substitución nucleófila e electrófila.
- Identificar e explicar os principais tipos de reaccións orgánicas: substitución, adición, eliminación, condensación e redox, predicindo os produtos, se é necesario.
- Identificar e enumerar as reaccións máis importantes de aldehidos, cetonas, aminas e ácidos carboxílicos.
- Recoñecer macromoléculas de orixe natural e sintética.
- Diseñar o polímero correspondente a partir dun monómero explicando o proceso que tivo lugar.
- Describir as diferenzas principais das sínteses dos polímeros por adición e condensación, identificando cada un deles.

## **3.5. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS NO BACHARELATO**

### **1º Bacharelato**

As materias de Física e Química son dúas ciencias experimentais e, polo tanto, buscan a comprensión dos fenómenos físicos e químicos por medio dunha aproximación formal ó traballo científico. Por isto, o enfoque fundaméntase basicamente no emprego dalgúns métodos habituais da actividade científica ó longo do proceso investigador.

Ámbalas dúas ciencias coñeceron importantes cambios no noso tempo, que xunto ás adquisicións científicas doutras épocas, que se configuraron nas teorías clásicas das respectivas disciplinas, modificaron a visión actual do mundo, sobre todo nunha percepción máis clara da complexidade dos fenómenos da natureza.

Para o/a alumno/a de 1º Bacharelato estas ciencias deben ter un marcado carácter empírico e predominantemente experimental, á vez que teñen que fundamenta-la súa construción teórica e de modelos. Por iso, dentro das posibilidades materiais e de tempo, tentárase complementar as sesións de aula coas actividades de laboratorio.

Terase presente que neste nivel débese impulsar o traballo autónomo para que xunto co curso seguinte se consiga que o alumnado vaia definindo estratexias persoais cara á posible continuación de estudos superiores.

Por último, a aprendizaxe baséase en ofrecer ó alumno/a coñecementos, recursos e estratexias que lle posibiliten comprende-las relacións existentes entre ciencia, sociedade e tecnoloxía. Así, pode ser usado material videográfico ou de prensa para poñer de manifesto estas relacións.

### **2º Bacharelato**

As estratexias metodolóxicas que se propoñen para desenvolver o currículo destas materias son as seguintes:

- Fomentar a competencia de aprender a aprender, e a de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, a través da planificación, a realización, a presentación e a avaliación de deseños experimentais por parte do alumnado, incluíndo a incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación para o desenvolvemento da competencia dixital, co obxectivo de favorecer unha visión máis actual da actividade tecnolóxica e científica contemporánea.

- Partir, sempre que sexa posible, de enfrontar o alumnado a situacións problemáticas que deba resolver pondo en xogo os saberes dos que dispón.
- Potenciar a dimensión colectiva da actividade científica, organizando equipos de traballo e propiciando o traballo cooperativo na investigación.
- Considerar as implicacións entre ciencia, tecnoloxía, sociedade e medio natural dos problemas (posibles aplicacións, repercusións negativas, toma de decisións, ciencia e pseudociencia, etc.), e as posibles relacións con outros campos do coñecemento.

### **3.6.PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN EN BACHARELATO**

#### **1. PROCESO DE AVALIACIÓN**

##### *Avaliación inicial*

Ao inicio do curso comprobarase os coñecementos previos dos/as alumnos/as de cada grupo mediante unha proba que pode ser escrita tipo test ou ben oral en forma de coloquio, cuxos resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida a cada grupo.

As probas de Avaliación Inicial terán como referentes os obxectivos e contidos mínimos que o alumno debería ter acadado ao finalizar o curso ou etapa anterior, así como o grao de adquisición das competencias básicas. Estas probas facilitáanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que se van adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes



estudantes.

- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

### ***Avaliación formativa***

Ao longo do curso os/as alumnos/as estarán informados do seu progreso de aprendizaxe a través das indicacións que se vaian dando: corrección de probas escritas, corrección dos traballos propostos e notas de participación na clase. Unha vez ao trimestre informarase aos pais e alumnos/as a través da cualificación da avaliación.

No caso de determinadas competencias requírese a observación directa do desempeño do alumno, como ocorre na avaliación de certas habilidades manipulativas, actitudes (cara á lectura, a resolución de problemas, etc.) ou valores (perseveranza, minuciosidade, etc.).

### ***Avaliación sumativa***

Ao remate do curso valorarase o rendemento académico dos alumnos e alumnas mediante unha cualificación final que se determinará de acordo cos criterios de cualificación que se detallan nos puntos seguintes.

## **2. PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN**

Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).

Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).

Análise e valoración de tarefas individuais ou en grupo.

Observación directa do traballo diario.

### 3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

*Probas escritas:* para medir a adquisición de contidos e procedementos; deberán estar deseñadas atendendo aos estándares de aprendizaxe. En ningún caso serán o único instrumento de avaliación.

*Traballo dos alumnos/as:* actividades realizadas na clase e na casa, traballo no laboratorio.

*Caderno do profesor/a:* observación da atención, participación, puntualidade, asistencia e actitude do/a alumno/a na clase.

## 3.7. CRITERIOS PARA DETERMINAR A CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN EN BACHARELATO

### 1º BACHARELATO

#### 1. *Proba/s escrita/s ou exame/s de avaliación: ponderación 90%*

Procuraranse facer dúas probas escritas en cada período de avaliación, entrando na segunda proba toda a materia. Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos, expresada con unha ou dúas cifras decimais; o valor de cada pregunta indicarse ó comezo da proba, de forma verbal, ou ben na propia proba escrita.

A valoración de cada proba farase de acordo cos criterios de corrección indicados no apartado correspondente da programación.

No caso de facer unha única proba escrita, a cualificación obtida constituirá o 90% da nota da avaliación.

No caso de facer dúas probas escritas, farase unha media compensada das dúas cualificacións obtidas ( 40% da cualificación da primeira proba + 60 % da cualificación da segunda proba).. A media así calculada constituirá o 90 % da nota da avaliación.

En 1º de Bach, debido á importancia que ten a formulación como ferramenta básica da materia o alumnado deberá superar unha proba escrita de formulación inorgánica correspondente fundamentalmente a contidos de 4º da ESO. Para a superación desta proba deberá ter o 70 % dos compostos ben nomeados/formulados. A proba terá unha calificación de Apto/Non Apto necesaria para a superación da materia, non tendo valor numérico na nota da avaliación. O alumnado terá ocasión de repetir esta proba ó longo do curso as veces necesarias ata conseguir superala.

## **2.Traballo do/a alumno/a : ponderación 10 %**

Poderanse obter 0,25 puntos por cada un dos seguintes apartados:

- traballos encomendados para realizar na aula
- resolución dos exercicios propostos para traballar na casa
- traballo no laboratorio
- participación na clase.

## **2º BACHARELATO**

As probas escritas representarán o 100% da nota.

A avaliación será continua, o que supón que a materia é acumulativa.

Realizaranse, alomenos, dúas probas escritas por avaliación sobre os contidos e os procedementos traballados, sendo a nota da avaliación a media ponderada de ambas ( 40% da cualificación da primeira proba + 60% da cualificación da segunda proba).

Os contidos son acumulativos en cada exame e en cada avaliación, polo que non se contemplan exames de recuperación.

## **3.8.CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN EN BACHARELATO**

A cualificación de cada avaliación determinarase tendo en conta os criterios indicados anteriormente. A cualificación obtida en cada trimestre podería redondearse, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ó enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior, e ó anterior en caso contrario. Superan a avaliación os/as alumnos/as que acaden cualificación de 5 ou mais puntos.

### **3.9.PROBAS DE RECUPERACIÓN ORDINARIA EN PRIMEIRO DE BACHARELATO**

O alumnado que na avaliación obteña unha cualificación inferior a 5 puntos, deberá realizar a correspondente proba de recuperación, que se levará a cabo na data adecuada a criterio do profesor/a, e de acordo co alumnado.

O exame de recuperación valorarase de 0 a 10 puntos e consistirá nunha proba escrita con exercicios e cuestións referidas aos contidos da materia non superados anteriormente.

A cualificación desta recuperación terá ponderación do 100% da nota do exame escrito.

Como regra xeral a avaliación está recuperada cando, despois de efectuado o redondeo, a cualificación sexa igual ou superior a 5 puntos. O/a profesor/a valorará a conveniencia de levar a cabo ese redondeo en función do traballo e actitude do alumno e alumna no trimestre.

### **3.10.CRITERIOS SOBRE A CUALIFICACIÓN FINAL ORDINARIA E CRITERIOS DE PROMOCIÓN NO BACHARELATO**

#### **1º BACHARELATO**

Para os efectos de cálculo da cualificación final ordinaria incluíranse as cualificacións das tres avaliacións e das recuperacións correspondentes, cando estas se levaran a cabo.

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións trimestrais, incluíndo nesa media, como outra nota mais do curso, as recuperacións que se realizaron.

Con carácter xeral, para superar a materia requírase a superación das tres avaliacións ou das recuperacións das avaliacións suspensas. Non obstante, pode superarse a materia cunha soa avaliación suspensa cando nesta se teña unha cualificación de avaliación ou de recuperación non inferior a 4 puntos e a media final das tres avaliacións, despois de redondeo, é igual ou superior a 5 puntos. Tamén se supera a materia, con cualificación de 5 puntos, cando non tendo

acadada esta puntuación na media final o/a alumno/a recuperou as probas de cada avaliación suspensa.

## **2º BACHARELATO**

A cualificación final ordinaria será una media ponderada das tres avaliacións, calculada como:

$$\text{Nota aval ord} = (\text{Cual } 1^{\text{a}} \text{ aval} \cdot 0,25 + \text{Cual } 2^{\text{a}} \text{ aval} \cdot 0,30 + \text{Cual } 3^{\text{a}} \text{ aval} \cdot 0,45)$$

A nota media ponderada poderá ser redondeada tendo en conta a valoración do traballo dos alumnos ó longo do curso.

Se a cualificación na avaliación ordinaria é igual ou superior a 5, considerase que os obxectivos do curso foron acadados.

O grao mínimo de consecución dos distintos estándares será o reflectido nesta programación.

### **3.11.CRITERIOS PARA DETERMINAR A CUALIFICACIÓN EXTRAORDINARIA EN BACHARELATO**

- As probas finais que se dispoñan consistirán nunha proba escrita, que se valorará de 0 a 10 puntos, con cuestións e problemas referidos ós contidos mínimos sinalados na programación procurando o equilibrio entre a presenza dos diferentes bloques en que está dividida a materia.
- Dadas as características da materia de Física e Química de 1º de Bacharelato esixirase que nesta proba, o/a alumno/a acade unha cualificación equilibrada entre os bloques da parte de Física e os da parte de Química.
- Considerarase superada a materia cando, despois de efectuado o redondeo, se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

### **3.12.CRITERIOS XERAIS DE CORRECCIÓN DOS EXAMES**

- As respostas deben axustarse ao enunciado da pregunta.
- Terase en conta a claridade da exposición dos conceptos, procesos, os pasos seguidos, as hipóteses, a orde lóxica e a utilización adecuada da linguaxe científica.
- Os erros graves de concepto levarán a anular o apartado correspondente.
- Os parágrafos/apartados que esixen a solución dun apartado anterior cualifícaranse independentemente do resultado do devandito apartado.
- Cando a resposta deba ser razoada ou xustificada, non facelo supoñerá unha puntuación de cero no apartado correspondente. Un resultado erróneo pero cun razoamento correcto valorarase.
- Cando por unha formulación incorrecta ou a igualación incorrecta dunha ecuación química un exercicio non esté ben resolto, éste puntuará como máximo o 25% da nota do apartado
- Nun problema numérico a resposta correcta, sen razoamento ou xustificación, pode ser valorada cun cero se o corrector/a non é capaz de ver de onde saíu o devandito resultado.
- Os erros nas unidades ou non poñelas descontará un 25% da nota do apartado.
- Un erro no cálculo considerárase leve e descontárase o 25% da nota do apartado, agás que os resultados carezan de lóxica e o alumnado non faga unha discusión acerca da falsidade do devandito resultado.

### **3.13.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE EN BACHARELATO**

En este punto da programación indicamos unha serie de instrumentos de axuda para reflexionar sobre catro aspectos fundamentais na práctica docente:

#### **PLANIFICACIÓN:**

1. Programa-la materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe e o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
2. Seleccionar e secuenciar de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.
3. Programar actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
4. Planificar as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e as necesidades e intereses do alumnado.
5. Establecer os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe do alumnado.

### **MOTIVACIÓN DO ALUMNADO:**

1. Plantear situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).
2. Relaciona-los aprendizaxes con aplicacións reais.
3. Estimular a participación activa dos alumnos e alumnas en clase.
4. Promover a reflexión dos temas tratados.
- 5.

### **DESENVOLVEMENTO DO ENSINO:**

1. Cando se introducen conceptos novos relacionalos, si é posible, cos xa coñecidos; intercalar preguntas aclaratorias; poñer exemplos...
2. Ter predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer apoio.
3. Optimizar o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada bloque ou unidade didáctica.
4. Utilizar axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.
5. Promover o traballo cooperativo e manter unha comunicación fluida co alumnado.
6. Desenvolve-los contidos dunha forma ordeada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
7. Plantear actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
8. Plantear actividades grupais e individuais.

### **SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE:**

1. Detectar os coñecementos previos de cada unidade didáctica/bloque.
2. Revisar, con frecuencia, os traballos propostos para a aula e para casa.
3. Proporciona-la información necesaria sobre a resolución das tarefas e cómo se poden mellorar.
4. Correxir e explicar de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos/as, e dar pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
5. Utilizar suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.
6. Propor novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron acadados suficientemente.
7. Propor novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron acadados con suficiencia.
8. Usar diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel do alumnado,etc.

## **4.AVALIACIÓN DE ALUMNOS/AS CON MATERIAS PENDENTES**

Co obxecto de facilitar a preparación e superación das materias pendentes, o departamento acorda dividilas en dúas partes, podendo o/a alumno/a examinarse de cada parte por separado.

O alumnado con materias pendentes deberá realizar dous exames escritos, o primeiro a mediados de curso e o segundo a finais, de acordo coas datas marcadas pola Xefatura de estudos.

As probas que deberán superar estes/as alumnos/as consistirán en cuestións e problemas relativos ós contidos mínimos das materias correspondentes. Evitaranse as preguntas relativas a contidos non tratados durante o curso anterior.

As preguntas, cuestións e problemas dos exames estarán contidas, ou serán semellantes ás do libro de texto do curso correspondente.

En **2º ESO** realizarase un exame coa parte de Física e outro coa parte de Química.

En **3º ESO** realizarase un exame coa parte de Física e outro coa parte de Química.

En **1º de Bacharelato** realizarase un exame coa parte de Física e outro coa parte de Química.

A cualificación final será a media aritmética das cualificacións das dúas probas, tendo en conta que se necesita como mínimo unha cualificación de 3 puntos, sobre 10, na proba de peor nota e que superan a materia si a cualificación media das dúas probas é de 4,5 puntos ou superior.

Os/as alumnos/as con materias pendentes poderán asesorarse coa xefatura de departamento para recadar información sobre:

- exames que terán que realizar, datas aproximadas, contidos destas probas, criterios de corrección, etc.
- libro de texto e bibliografía existente na Biblioteca para ser consultada.



- exercicios, cuestións e problemas.
- algunhas recomendacións e consellos.

Tamén disporán do profesorado que imparte a materia no actual curso en que están matriculados (4ºESO e 2º BACH) para preguntar todas as dúbidas que vaian atopando na preparación de exames.

## **5.PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS**

Será preciso acreditar os coñecementos previos na materia de Física e Química de 1º de Bacharelato para que o/a alumno/a poida ser avaliado nas materias de Física e de Química de 2º de Bacharelato.

Esta acreditación require como condición ter cursada a materia de Física e Química de 1º de Bacharelato.

Os/as alumnos/as que non cumpran a condición anterior deben superar as probas iniciais, orientadas a coñece-lo nivel curricular do alumnado en relación ós obxectivos do programa. Estas probas permitirannos comprobar o nivel inicial de cada alumno ou alumna. En caso de non superalas deberán cursa-la materia de 1º de Bacharelato.

## **6.ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR**

O desenvolvemento da competencia lectora é un obxectivo prioritario do currículo na educación secundaria obrigatoria.

Co obxectivo de fomentar a lectura na ESO o Departamento propón as seguintes actividades:

- Encomendar ao alumnado traballos individuais escritos sobre distintos temas relacionados cos contidos de cada avaliación.

- Recomendar aos/ás alumnos/as a lectura de biografías de científicos importantes.
- Realizar a lectura de revistas científicas, páxinas de xornais e páxinas de lectura dos libros de texto: “Formas de pensar” para 3º ESO e “O Recanto da lectura” para 4º ESO, traballando os seguintes aspectos: idea principal, análise do contido e comprensión do texto.

De igual xeito, en Bacharelato propórase ao alumnado a lectura de libros de divulgación científica adecuados a este nivel e a realización de traballos escritos.

## **7.CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC**

Utilizarase de forma progresiva as TIC como recurso educativo nos procesos de ensinanza-aprendizaxe que se desenvolven no Departamento e de acordo cos seguintes obxectivos:

- Lograr que o alumno e alumna recoñezan e utilicen as Tecnoloxías da Información e da Comunicación como unha ferramenta de traballo habitual, máis aló de algo esporádico ou extraescolar.
- Potenciar o traballo en grupo.
- Propiciar a investigación e a innovación educativa, en busca dunha mellora do rendemento escolar do alumnado.

A tal efecto empregaranse buscadores de Internet, xornais dixitais, revistas científicas e direccións na web. Farase uso de programas (Word, Excel, Power Point, Libre Office) e simulacións virtuais.

## **8.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

As posibles actividades complementarias a realizar polo Departamento son:

- Traballos de historia da ciencia: aspectos históricos da Física e da Química.

- Traballos que permitan coñecer as aplicacións tecnolóxicas da ciencia e a súa repercusión social.

Como actividades extraescolares, podería levarse a cabo a visita a algunha empresa, industria química, museo da ciencia, observatorio, etc, así como colaborar con fundacións ou grupos de traballo. En calquera caso veríanse estas posibilidades no seu momento.

## **9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

O Departamento realizará periódicamente, nas correspondentes reunións, un seguimento do desenvolvemento da programación así como a análise dos resultados de cada avaliación.

Ao final do curso recolleranse as modificacións que se levaron a cabo durante o mesmo, cos motivos polos que se fixeron tales modificacións na programación.

## **10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

- Uso de distintas fontes de información: xornais, revistas, libros, Internet, etc., xa que o alumnado debe desenvolver a capacidade de aprender a aprender.
- Aula de Informática, onde o profesor ensinará estratexias tanto de procura como de procesamento da información.
- Biblioteca do Centro, onde o alumnado poida estudar e atopar, nos libros desta, información para a resolución de actividades.
- Laboratorio de Física e Química, onde os alumnos e alumnas poidan realizar as diferentes prácticas que lles propoña o seu profesor/a.
- Utilizar un vídeo didáctico ou unha película relacionada coa Unidade correspondente.
- Libros de texto:

**MATERIA: Física e Química 2º ESO**

**Título: Física y Química 2º ESO**

**Editorial: Vicens Vives**

**MATERIA: Física e Química 3º ESO**

**Título: Física y Química 3º ESO**

**Editorial: Santillana**

**MATERIA: Física e Química 4º ESO**

**Título: Física y Química 4º ESO**

**Editorial: Santillana**

**MATERIA: Física e Química 1º BACHARELATO**

**Título: Física y Química 1**

**Editorial: Edebé**

**MATERIA: Química 2ºBACH.**

**Título: Química 2**

**Editorial: Baía**

**MATERIA: Física 2ºBACH.**

**Título: Física**

**Editorial: Baía (opc.)**

## **11. ANEXO: SITUACIÓN COVID-19**

## **11.1.FORMAS DE ACTUACIÓN NAS DIFERENTES SITUACIONES QUE SE PODEN PRESENTAR NO CURSO 2021-2022.**

### **11.1.1. Ensino non presencial**

Impartirase como mínimo 1 clase teórica semanal en alguna das horas da asignatura no grupo, para avanzar materia. Farase a través da plataforma Webex.

Enviaranse boletíns de exercicios os alumnos, que deberán entregar na data indicada polo profesor. Despois de dita data, o profesor mandará as solución e correxirá una parte deles para a cualificación dos alumnos.

### **11.1.2. Ensino semipresencial.**

Durante os períodos presenciais, explicarase materia e entregaranse boletíns de exercicios para que o alumnado realice durante os períodos non presenciais. Ó regreso o IES, ditos exercicios deberán ser presentados ó profesor.

## **11.2. CUALIFICACIÓN DA MATERIA NAS DIFERENTES SITUACIONES QUE SE PODEN PRESENTAR NO CURSO 2021-2022.**

### **11.2.1. Ensino presencial.**

Calificarase de acordo ó recollido nesta programación.

### **11.2.2. Ensino semipresencial.**

#### **11.2.2.1. Período presencial.**

Calificarase de acordo ó recollido nesta programación.

#### **11.2.2.2. Período non presencial.**

A cualificación obtida nas probas realizadas durante este período, representará un 40% da nota da avaliación correspondente.

A cualificación do traballo diario será un 60% da nota da avaliación correspondente. O alumno deberá enviar fotografías das páxinas do seu caderno no que estén realizadas as tarefas, ou presentalo de forma física, cando sexa posible. Será obrigatorio a entrega das tarefas en prazo.

### **11.2.2.3 Cálculo da nota global do trimestre.**

Calcularase de forma ponderada, respectando a proporcionalidade do tempo de ensino presencial e de ensino non presencial.

### **11.2.3. Ensino non presencial.**

Calificarase de acordo co reflectido no apartado 11.2.2.2.

## **12. ANEXO: ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE AVALIACIÓN**



## **12.1. MODIFICACIÓNS NA AVALIACIÓN DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E DE BACHARELATO.**

A orde do 25 de xaneiro de 2022 actualiza a normativa de avaliación de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato. Para a adaptación a dita orde, os cambios introducidos serán os seguintes:

### **12.1.1. Avaliación de educación secundaria obrigatoria.**

Desaparece a convocatoria extraordinaria de setembro e durante o período comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación final, realizaranse actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría para todo o alumnado.

As actividades para os alumnos/as que teñan que recuperar algunha parte da materia, serán específicas e enfocadas a que podan superar a recuperación que se realizará, previa a avaliación final.

Os alumnos/as que teñan as tres avaliacións aprobadas, terán a oportunidade de subir 1 punto na nota final, asistindo regularmente as clases e realizando as actividades e traballos que se lles propoñan, como reforzo e ampliación.

Para os efectos de cálculo da cualificación final inclúiranse as cualificacións das tres avaliacións e das recuperacións correspondentes, cando estas se levaran a cabo.

### **12.1.2. Avaliación de bacharelato**

A avaliación extraordinaria de setembro pasa a realizarse a finais de xuño. Durante o período comprendido entre a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria, realizaranse actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría para todo o alumnado.

As actividades para os alumnos/as que teñan que recuperar a materia, serán específicas e enfocadas nas dificultades que cada un deles presente, co fin de que podan superar o exame que se realizará, previo a avaliación extraordinaria.

